


# QUE É UN INSECTO?

1


Un insecto é un pequeno animal invertebrado que posúe un par de antenas, tres pares de patas e ás na maior parte das especies.



**ABELLA**




**MOSCA**



**LIBELIÑA**



**BOLBORETA**



**SALTÓN**

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
A CORUÑA

# O BENEFICIO DOS INSECTOS


2

Os insectos son animais que permiten a polinización das plantas, a descomposición da materia vexetal, serven de alimento a moitas especies e contribúen á saúde das persoas.




**BOLBORETA**

**Fertilizan as flores e as súas larvas son alimento dos paxaros.**



**XOANIÑA**

**Exterminan pragas doutros insectos, como a do pulgón.**



**ABELLA**

**Polinizan as plantas e fan posible a formación dos froitos.**

# OS HOTEIS PARA INSECTOS

3



Os hoteis para insectos son refuxios utilizados por moitos deles para facer a súa vivenda, poñer ovos e deixar que naza e medre a súa descendencia.


Estes refuxios úsanos moitas variedades de insectos, principalmente xoaniñas, abellas e avespas solitarias.

Están feitos de madeira, canas, palla, cortizas, follas, piñas, froitos secos...

# O HOTEL DO EMILIA

4

No noso colexio tamén temos un hotel para os insectos. Seis refuxios diferentes para que cada un deles escolla o que lle resulte máis cómodo.




# QUEN VIVE NO NOSO HOTEL?

5

O hotel do Emilia visítano numerosos insectos ao longo do ano e cada un prefire unha habitación diferente.


AVÉSPORA




ABELLA SOLITARIA




CRISOPA




XOANIÑA



BOLBORETA



CADELA DE FRADE



O HOTEL  
DOS INSECTOS

